

estes efectos se habilite nos orzamentos do dito departamento.

3. De conformidade co establecido no artigo 50.1.b) da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, os créditos a que se fai referencia nos puntos anteriores financiaranse con cargo ao Fondo de continxencia, cuxa autorización corresponderá ao Ministro de Economía e Facenda.

4. Os remanentes que poidan presentar os citados créditos ao finalizar o exercicio 2005 poderán ser incorporados ao exercicio seguinte.

Artigo 9. *Beneficios fiscais.*

1. Concédese a exención das cotas do imposto sobre bens inmoebles correspondentes ao exercicio 2005 que afecten a vivendas, establecementos industriais e mercantís, locais de traballo e similares, de natureza urbana, situados nas pedanías de Zarcilla de Ramos e La Paca, do municipio de Lorca (Murcia), danados como consecuencia dos movementos sísmicos a que se refire o artigo 1 deste real decreto lei, cando se acredite que, tanto as persoas como os bens situados naqueles, tivesen que ser obxecto de realoxamento total ou parcial noutras vivendas ou locais diferentes ata a reparación dos danos sufridos.

2. A exención das cotas no tributo sinalado no punto anterior comprenderá a das recargas legalmente autorizadas sobre aquel.

3. Os contribuíntes que, tendo dereito á exención establecida neste artigo, satisfixesen os recibos correspondentes ao dito exercicio fiscal, poderán pedir a devolución das cantidades ingresadas.

4. A diminución de ingresos que o disposto neste artigo produza no Concello de Lorca, correspondentes ás pedanías de Zarcilla de Ramos e La Paca, será compensada con cargo aos orzamentos xerais do Estado, de conformidade co establecido no artigo 9 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.

5. De acordo co previsto no citado texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, o Concello de Lorca poderá acordar, no ámbito das súas competencias, mediante ordenanza fiscal, a exención da taxa por expedición de licenza de obras para reparación de vivendas sinistradas situadas nas pedanías de Zarcilla de Ramos e La Paca.

Artigo 10. *Comisión interministerial.*

1. Créase unha comisión interministerial para a aplicación das medidas establecidas neste real decreto lei, coordinada pola Dirección Xeral de Protección Civil e Emerxencias, e integrada por representantes da Presidencia do Goberno e dos ministerios de Economía e Facenda; do Interior; de Administracións Públicas; e de Vivenda, así como polo delegado do Goberno na Comunidade Autónoma da Rexión de Murcia e por un representante do Consorcio de Compensación de Seguros.

2. A determinación de danos e a avaliación xeral das necesidades atendidas coas medidas previstas neste real decreto lei levaraa a cabo a comisión a que se refire o punto anterior, en coordinación coas autoridades da Comunidade Autónoma da Rexión de Murcia e a Delegación do Goberno na dita comunidade autónoma.

Artigo 11. *Convenios de colaboración con outras administracións públicas.*

A Administración xeral do Estado, a Comunidade Autónoma da Rexión de Murcia e, se é o caso, o Concello de Lorca poderán celebrar os convenios de colaboración

que resulten necesarios para a aplicación das medidas previstas neste real decreto lei.

Disposición adicional primeira. *Facultades de control.*

As administracións intervinientes no financiamento das axudas previstas neste real decreto lei reservan para si a facultade de controlar o cumprimento do seu obxecto, condicións e finalidade, de conformidade co previsto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e disposicións concordantes.

Disposición adicional segunda. *Competencias da Comunidade Autónoma da Rexión de Murcia.*

O establecido neste real decreto lei enténdese sen prexuízo das competencias que corresponden á Comunidade Autónoma da Rexión de Murcia ao amparo do seu estatuto de autonomía.

Disposición derradeira primeira. *Facultades de desenvolvemento.*

O Goberno e os titulares dos departamentos ministeriais, no ámbito das súas competencias, ditarán as disposicións necesarias para a execución do establecido neste real decreto lei.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto lei entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 11 de febreiro de 2005.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,

JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO

MINISTERIO DE ECONOMÍA E FACENDA

2297 *REAL DECRETO 161/2005, do 11 de febreiro, polo que se modifica o Real decreto 1326/1987, do 11 de setembro, polo que se establece o procedemento de aplicación das directivas da Comunidade Europea sobre intercambio de información tributaria. («BOE» 37, do 12-2-2005.)*

A Directiva 77/799/CEE do Consello, do 19 de decembro de 1977, relativa á asistencia mutua entre as autoridades competentes dos Estados membros no ámbito dos impostos directos, de determinados impostos sobre consumos específicos e dos impostos sobre primas de seguros, procuroulles aos Estados membros, desde a súa aprobación, o marco xurídico necesario para o intercambio de información tributaria no ámbito dos impostos directos e indirectos.

No entanto, as circunstancias en que as administracións tributarias dos Estados membros deben loitar contra a fraude fiscal cambiaron substancialmente desde entón, polo que é necesario que os Estados procedan a revisar os instrumentos que sustentaron a cooperación ata agora. Para iso, no seo do Consello constituíuse o grupo *ad hoc* «Fraude fiscal» que efectuou unha serie de

recomendacións, algunhas das cales son as que pon en práctica a Directiva 2004/56/CE.

Por estes motivos, o Consello adoptou a Directiva 2004/56/CE, do 21 de abril de 2004, pola que se modifica a Directiva 77/799/CEE, relativa á asistencia mutua entre as autoridades competentes dos Estados membros no ámbito dos impostos directos, de determinados impostos sobre consumos específicos e dos impostos sobre primas de seguros. A Directiva 77/799/CEE foi incorporada ao ordenamento interno xunto coas modificacións realizadas pola Directiva 79/1070/CEE do Consello, do 6 de decembro de 1979, pola que se inclúe o Imposto sobre o valor engadido no seu ámbito de aplicación, polo Real decreto 1326/1987, do 11 de setembro, polo que se establece o procedemento de aplicación das directivas da Comunidade Europea sobre intercambio de información tributaria. Posteriormente, o citado real decreto foi obxecto de nova modificación polo Real decreto 1624/1992, do 29 de decembro, para dar cumprimento ao disposto na Directiva 92/12/CEE do Consello, do 25 de febreiro de 1992, e que deu cabida aos impostos especiais de fabricación no seu ámbito de aplicación. Por último, a Directiva 2003/93/CE do Consello, do 7 de outubro de 2003, excluíu o imposto sobre o valor engadido do seu ámbito de aplicación, no cal incluíu o imposto sobre primas de seguros. A dita directiva foi incorporada ao ordenamento interno mediante o Real decreto 1408/2004, do 11 de xuño, que modifica tamén o Real decreto 1326/1987, do 11 de setembro.

Neste real decreto os cambios introducidos no Real decreto 1326/1987, do 11 de setembro, son os seguintes:

En primeiro lugar, actualiza o contido do punto 2 do artigo 1: adáptao á denominación actual dos impostos incluídos e incorpora expresamente o imposto sobre a renda de non residentes, que non obstante xa se encontraba incluído no ámbito de aplicación do Real decreto 1326/1987, do 11 de setembro, en virtude do disposto polo punto 4 do artigo 1.

En segundo lugar, incorpora no artigo 2 o principio de actuación por conta propia, segundo o cal a Administración tributaria non debe dar un tratamento distinto, por razóns de dereito ou de práctica administrativa, ás peticións de información doutros Estados membros que ás propias actuacións de captación de información que realice por propósitos meramente internos. Este principio supón non só que cada autoridade competente aplique a debida dilixencia na recompilación da información, senón que en cada Estado membro o conxunto de disposicións que regulen as actuacións de captación de información das administracións tributarias sexa único, sen distinguir se a captación se realiza para efectos internos ou a solicitude da autoridade competente doutro Estado.

En terceiro lugar, dáselles unha nova redacción aos puntos 1 e 2 do artigo 8, sobre confidencialidade, e ao artigo 9, sobre limitacións ao uso da información obtida.

En cuarto lugar, revísase o contido da disposición adicional, para permitir a designación dun representante autorizado e actualizar as referencias á Comunidade Europea e aos centros directivos integrados no Ministerio de Economía e Facenda.

Así mesmo, engádense dous preceptos novos. Mediante o novo artigo 10 incorpórase a asistencia mutua en materia de notificacións de actos de aplicación dos tributos e imposición de sancións noutros Estados membros. Nesta materia determínase a realización de tales notificacións conforme a normativa que regule as notificacións no Estado membro requirido, tanto ao abeiro do disposto pola propia directiva como polo principio de actuación por conta propia. Pola súa parte, o artigo 11 fai o propio con relación á regulación positiva necesaria para a mellor realización de controis simultáneos.

Por todo o anterior, resulta procedente modificar o Real decreto 1326/1987, do 11 de setembro, e dar cumprimento ao disposto no artigo 2 da Directiva 2004/56/CE do Consello.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Economía e Facenda, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 11 de febreiro de 2005,

DISPONGO:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 1326/1987, do 11 de setembro, polo que se establece o procedemento de aplicación das directivas da Comunidade Europea sobre intercambio de información tributaria.*

O Real decreto 1326/1987, do 11 de setembro, polo que se establece o procedemento de aplicación das directivas da Comunidade Europea sobre intercambio de información tributaria, modifícase nos seguintes termos:

Un. O punto 2 do artigo 1 queda redactado como segue:

«2. No ordenamento tributario español terán a consideración de impostos sobre a renda ou o patrimonio:

- a) O imposto sobre a renda das persoas físicas.
- b) O imposto sobre o patrimonio.
- c) O imposto sobre sociedades.
- d) O imposto sobre a renda de non residentes.»

Dous. Engádense un punto 3 ao artigo 2 coa seguinte redacción:

«3. O ministro de Economía e Facenda procederá como se actuase por conta propia para atender as peticións de intercambio de información.»

Tres. Os puntos 1 e 2 do artigo 8 quedan redactados como segue:

«1. As informacións obtidas pola Administración tributaria, en virtude do disposto neste real decreto, só serán accesibles ás autoridades e funcionarios encargados directamente da xestión ou inspección do imposto. A información obtida será mantida en segredo, nas mesmas condicións que a información solicitada conforme a Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, e as súas normas de desenvolvemento e as leis dos tributos enumerados no artigo 1, salvo o disposto nos puntos seguintes.

2. Os datos, informes ou antecedentes obtidos pola Administración tributaria, en aplicación deste real decreto, só se poderán utilizar para os fins encomendados á Administración tributaria e só poderán ser revelados con motivo dun procedemento administrativo ou xudicial iniciados en relación coa liquidación do imposto, a imposición dunha sanción ou a revisión administrativa ou xudicial dunha ou outra; tamén poderán ser revelados para a denuncia ou persecución de delitos de contrabando, de branqueo de capitais ou contra a Facenda pública. Estes datos, informes ou antecedentes poderanse desvelar no curso de xuízos orais ou vistas públicas ou nas sentenzas, se a autoridade competente do Estado membro que os subministra non se opuxese a iso expresamente no momento de facilitalos.

As autoridades e funcionarios que teñan coñecemento destes datos, informes ou antecedentes esta-

rán obrigados ao máis estrito e completo sxiilo respecto deles, salvo nos casos citados no parágrafo anterior.

Non obstante o disposto neste punto, a información obtida conforme o disposto neste real decreto poderá ser utilizada para a comprobación ou liquidación das medidas, exaccións, canons, dereitos, impostos e demais créditos recollidos no artigo 2 do Real decreto 704/2002, do 19 de xullo, polo que se incorporan as modificacións de determinadas directivas comunitarias sobre asistencia mutua en materia de recadación.»

Catro. O artigo 9 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 9. *Limitacións no intercambio de información.*

1. Para cumprir o disposto neste real decreto, o ministro de Economía e Facenda facilitaralle ás autoridades competentes dos demais Estados membros da Comunidade Europea calquera información que a Administración tributaria posúa ou ben poida legalmente procurarse, en particular, de acordo cos artigos 93 e 94 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

No obstante, o ministro de Economía e Facenda poderá negar determinada información solicitada por outro Estado membro cando facilitala conducirse a divulgar un segredo comercial, industrial ou profesional, un procedemento comercial ou fose contrario á orde pública.

2. Para a obtención da información solicitada, o ministro de Economía e Facenda non está obrigado a realizar investigacións ou actuacións que contrañan a lexislación española ou a práctica administrativa.

3. O ministro de Economía e Facenda poderá rexeitar unha solicitude de información doutro Estado membro cando o Estado solicitante non puidese facilitar información de natureza análoga conforme o seu ordenamento interno ou por razóns de feito.»

Cinco. Inclúese un novo artigo 10 coa seguinte redacción:

«Artigo 10. *Notificacións.*

1. Por petición da autoridade competente doutro Estado membro, o ministro de Economía e Facenda notificaralle ao destinatario, conforme a normativa aplicable á notificación de actos semellantes en España, todos os actos ou decisións dimanantes das autoridades administrativas do Estado membro da autoridade competente solicitante que se refiran á aplicación no seu territorio da lexislación fiscal dos impostos previstos na Directiva 77/799/CEE do Consello, do 19 de decembro de 1977, relativa á asistencia mutua entre as autoridades competentes dos Estados membros no ámbito dos impostos directos, de determinados impostos sobre consumos específicos e dos impostos sobre primas de seguros.

2. O ministro de Economía e Facenda poderá solicitar da autoridade competente doutro Estado membro a práctica das notificacións de calquera acto de aplicación dos tributos incluídos no artigo 1 ou de imposición de sancións relativas a estes.

3. Nas solicitudes de notificación previstas nos puntos anteriores deberá indicarse, ademais do obxecto do acto ou da decisión que se vaia notificar, o nome e apelidos ou razón social e o enderezo do

destinatario, así como de calquera outra información que poida facilitar a súa identificación.

4. O ministro de Economía e Facenda informará sen demora a autoridade requirente do curso dado á solicitude e, en particular, da data en que o acto ou a decisión se lle notificase ao destinatario.

As notificacións realizadas noutro Estado membro ao amparo do previsto no punto 2 deberanse acreditar mediante a comunicación da notificación por parte da autoridade competente do outro Estado membro ao ministro de Economía e Facenda, efectuada de acordo coa normativa propia do Estado da autoridade requirida. As notificacións practicadas noutro Estado membro cuxa comunicación se produza da forma prevista neste punto teranse por validamente efectuadas.

5. Os órganos da Administración tributaria elevarán ao ministro de Economía e Facenda as peticións de notificacións que se van efectuar noutro Estado membro, e practicarán aquelas que sexan solicitadas pola autoridade competente doutro Estado membro.»

Seis. Engádesse un novo artigo 11 coa seguinte redacción:

«Artigo 11. *Controis simultáneos.*

1. Cando a situación tributaria dunha ou varias persoas ou entidades suxeitas a imposición presente un interese común ou complementario para dous ou máis Estados membros, o ministro de Economía e Facenda e as autoridades competentes dos outros Estados membros poderán acordar a realización de controis simultáneos nos seus propios territorios para intercambiar a información obtida, sempre que se estime que estes resultarán máis eficaces que os realizados por un único Estado membro.

2. O ministro de Economía e Facenda determinará de maneira independente as persoas ou entidades suxeitas a imposición respecto das cales ten a intención de propor un control simultáneo. Así mesmo, informará motivadamente as correspondentes autoridades competentes dos demais Estados dos casos que, ao seu xuízo, se deberían someter a controis simultáneos e do prazo en que se deberían realizar.

3. No caso de a autoridade competente doutro Estado membro remitir ao Ministro de Economía e Facenda unha proposta de realización de controis simultáneos, este comunicarlle a aquela a súa aceptación ou, se é o caso, a súa denegación motivada.

4. Para a realización dun control simultáneo, o ministro de Economía e Facenda designará un representante da Administración tributaria responsable da súa supervisión e coordinación.»

Sete. A disposición adicional queda redactada como segue:

«Disposición adicional única. *Delegación de atribucións.*

As atribucións recoñecidas ao ministro de Economía e Facenda neste real decreto poderán ser obxecto de delegación para efectos do disposto no punto quinto do artigo 1 da Directiva 77/799/CEE do Consello, do 19 de decembro de 1977. Sen prexuízo do anterior, o ministro de Economía e Facenda poderá designar outros órganos que por delegación exerzan as funcións establecidas neste real decreto.»

Disposición adicional única. *Referencias contidas no Real decreto 1326/1987, do 11 de setembro, polo que se establece o procedemento de aplicación das directivas da Comunidade Europea sobre intercambio de información tributaria.*

As referencias que contén o Real decreto 1326/1987, do 11 de setembro, polo que se establece o procedemento de aplicación das directivas da Comunidade Europea sobre intercambio de información tributaria, á Secretaría Xeral de Facenda, aos centros directivos dela dependentes e ás delegacións de Facenda Especiais entenderanse feitas á Axencia Estatal de Administración Tributaria, aos departamentos e servizos dela dependentes e ás delegacións especiais da Axencia Estatal de Administración Tributaria, respectivamente.

Así mesmo, as referencias á Comunidade Económica Europea entenderanse realizadas á Comunidade Europea.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 11 de febreiro de 2005.

JUAN CARLOS R.

O vicepresidente segundo do Goberno e ministro de Economía e Facenda,

PEDRO SOLBES MIRA

MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

2301 *ORDE APA/245/2005, do 9 de febreiro, pola que se establecen medidas específicas de protección en relación coa lingua azul. («BOE» 37, do 12-2-2005.)*

A lingua azul ou febre catarral ovina é unha enfermidade incluída na lista A do Código Zoonosanitario Internacional da Organización Mundial da Sanidade Animal (OIE). A súa propagación supón un perigo grave para o gando e podería ter consecuencias moi desfavorables para os intercambios comerciais a nivel internacional. As medidas específicas de loita contra a enfermidade están reguladas polo Real decreto 1228/2001, do 8 de novembro, polo que se establecen medidas específicas de loita e erradicación da febre catarral ovina ou lingua azul.

O 13 de outubro de 2004, o programa de vixilancia da lingua azul previsto no artigo 11.1.b) do Real decreto 1228/2001, do 8 de novembro, polo que se establecen medidas específicas de loita e erradicación da febre catarral ovina ou lingua azul, aplicado pola Comunidade Autónoma de Andalucía, puxo de manifesto a circulación do virus da lingua azul na parte oriental da provincia de Cádiz. As medidas de protección a nivel comunitario foron adoptadas mediante a Decisión 2004/697/CE da Comisión, do 14 de outubro de 2004, relativa a determinadas medidas de protección contra a febre catarral ovina ou lingua azul en España, e posteriormente mediante a Decisión 2004/762/

CE da Comisión, do 12 de novembro de 2004, pola que se modifica a Decisión 2003/828/CE da Comisión, do 25 de novembro de 2003, relativa ás zonas de protección e vixilancia en relación coa febre catarral ovina no que respecta aos traslados de animais dentro dunha zona restrinxida de España e Portugal, e a partir dela, en relación cos abrochos de febre catarral ovina en España.

A Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal, no seu artigo 8.1, dispón que, para previr a difusión no territorio nacional de enfermidades dos animais de declaración obrigatoria previstas no Código Zoonosanitario Internacional da Oficina Internacional de Epizootias ou na normativa nacional ou comunitaria, en especial daquelas de alta difusión, ou para previr a extensión de tales enfermidades en caso de existencia de casos sospeitosos ou confirmados ou de grave risco sanitario, a Administración xeral do Estado poderá adoptar, entre outras medidas, a prohibición cautelar do movemento e transporte de animais e produtos de orixe animal ou subprodutos de explotación, nunha zona ou territorio determinados ou en todo o territorio nacional; a prohibición cautelar da entrada ou saída daqueles en explotacións ou a súa inmovilización cautelar en lugares ou instalacións determinados; a prohibición ou limitacións da saída ou exportación do territorio nacional, de animais, produtos de orixe animal, produtos zoonosanitarios e produtos para a alimentación animal ou o cambio ou restricións do seu uso ou destino, con ou sen transformación e, en xeral, todas aquelas medidas, incluídas a desinfección ou desinsectación, precisas para previr a introdución no territorio nacional de enfermidades dos animais de declaración obrigatoria, en especial daquelas de alta difusión ou a extensión de tales enfermidades en caso de existencia de casos sospeitosos ou confirmados, así como en situacións de grave risco sanitario.

De acordo co exposto, e sen prexuízo das medidas adoptadas pola Comisión Europea, mediante a Orde APA/3411/2004, do 22 de outubro, establecéronse medidas específicas de carácter urxente respecto da lingua azul, ante a súa aparición no territorio peninsular español. As ditas medidas foron posteriormente modificadas á vista da evolución da enfermidade, e seguindo o criterio ao respecto do grupo de expertos previsto no plan de intervención a que se refire a disposición adicional única do Real decreto 1228/2001, do 8 de novembro, mediante ordes ministeriais, sendo a última delas a Orde APA/4089/2004, do 14 de decembro, pola que se establecen medidas específicas de protección contra a lingua azul, cuxa aplicación foi prorrogada ata o 15 de febreiro pola orde APA/91/2005, do 27 de xaneiro.

Unha vez efectuada a análise dos datos históricos e recentes, tanto climatolóxicos como entomolóxicos, o grupo de expertos previsto no plan de intervención a que se refire a disposición adicional única do Real decreto 1228/2001, do 8 de novembro, considera que non existe risco de presenza de vector durante os meses invernales nunha determinada zona do territorio español (zona estacionalmente libre) e por tanto, non existe risco de aparición de lingua azul nesa zona.

A este respecto, o Comité Permanente da Cadea Alimentaria e da Sanidade Animal da Unión Europea emitiu informe favorable dunha proposta de Decisión da Comisión Europea pola que modifica a Decisión 2003/828/CE da Comisión, do 25 de novembro de 2003, no relativo aos movementos de animais desde zonas restrinxidas tras un período de tempo despois o cesamento da actividade do vector.

En función da situación actual da enfermidade, procede unha modificación da orde APA/4089/2004, do 14 de decembro, co obxecto de considerar durante un período de tempo determinado, unha zona do territorio nacional como estacionalmente libre de lingua azul. A